



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 16 DE ABRIL DE 2015.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. Cándida Méndez Salgado, D^a. M^a del Carmen Gueimunde González, D. Celestino Valentín García Paz, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Jaime E. De Olan Vela.

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día dexaseis de abril de dous mil quince, reúnen, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusa a súa asistencia D. Jaime E. De Olan Vela.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Por unanimidade dos presentes ratifícase a urxencia da sesión, tendo en conta o prazo para a remisión do do acordo referente ó Plan de Vivenda á Dirección Xeral do IGVS.

**2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN DE
DATA 12/03/2015 E 25/03/2015.**

Non existindo obxección algunha procédese por unanimidade, á aprobación das actas das sesións de datas 12/03/2015 e 25/03/2015.



3.- PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS DO PLAN ESTATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDAS, A REHABILITACIÓN E A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANAS, 2013-2016.

Vista a Orde do 9 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016.

Vista a memoria - programa elaborada pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, que recolle as actuacións previstas para dito plan, coas correspondentes previsións económicas.

Vista a proposta da Alcaldía.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Infraestructuras.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes, acórdase:

Primeiro.- Solicitar, segundo o disposto no artigo 3 da referida Orde, que o Concello de Viveiro actúe como entidade xestora das actuacións referentes a dito Programa.

Segundo.- Aprobar a memoria - programa que recolle as actuacións previstas, coas correspondentes previsións económicas.

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa para levar a cabo os trámites correspondentes en orde á materialización da participación do Concello de Viveiro no Programa referido.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:30 horas do día 16 de abril de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,